

## **SEGUNDO CONCURSO ESPECÍFICO PARA A ESPECIALIDAD DE ENFERMERÍA PEDIÁTRICA E SAÚDE MENTAL**

O SERGAS nos comunica que tense publicado na súa páxina as resolucións polas que se publican as relacións provisionais de puntuacións do segundo concurso específico para o ingreso na categoría estatutaria de persoal enfermeiro/a especialista nas especialidades de enfermería pediátrica e de saúde mental, dispoñibles a través da seguinte ligazón: [https://www.sergas.es/Recursos-Humanos/CONCURSO\\_ENF\\_ESPECIALISTA](https://www.sergas.es/Recursos-Humanos/CONCURSO_ENF_ESPECIALISTA).

## **PRORROGA DA GARANTÍA DE DESPRAZAMENTO NA ATENCIÓN DOMICILIARIA CON VEHÍCULOS CON CONDUCTOR**

No día de hoxe, o SERGAS tamén nos informa que tense prorrogado ata o 30 de setembro de 2022, a Instrución para o transporte dos profesionais de atención primaria na asistencia domiciliaria en xornada ordinaria durante a epidemia polo virus SARS-CoV-2, co fin de facilitar a prestación da atención domiciliaria no ámbito de atención primaria, durante a última etapa do Plan de reactivación asistencial e no período inmediatamente posterior, proporcionando aos profesionais o desprazamento mediante un servizo de vehículos con condutor.